
ANTE O ERE ACTÚA CON LIBERDADE

O ERE iniciado no 2003 está sendo un proceso de destrucción de emprego que condiciona totalmente a actividade laboral, o feito de que non se cubran con novas incorporacións as miles de baixas que se levan producido provoca que exista carencia de traballadores en boa parte do territorio e de distintas áreas. A pesar de toda a externalización de actividade que fixo a empresa hai falla de persoal en moitas categorías, gran parte dos problemas que hoxe temos os traballadores son consecuencia de esta masiva destrucción de emprego que está modificando a maneira de traballar en practicamente todas as áreas. O incremento de produtividade perseguido pola empresa está precarizando e desregulando o traballo abrindo conflitos en multitude de departamentos.

Con todo a empresa non está conforme e fai un novo chamamento para seguir coa sangría, ameazando e premendo a quen se encontre en idade de poder acollerse, a carta enviada e suficientemente clara e sobran mais comentarios. Despois de darlle carta branca a Telefónica para ampliar o prazo ata decembro, os sindicatos asinantes do acordo tentan quedar ben pero aínda así tan só son capaces de pedirlle unha rectificación á empresa.

Dende a CIG pedímosvos que actuedes con liberdade e responsabilidade, sen deixarse influír polas presións da empresa nin polo engano dos seus socios. Só dende a reflexión serea e coa información necesaria se poden tomar decisións libres.

A Coruña 17 de outubro de 2007